

unha xornada contemporánea
aperitivo minimalista
e unha velada [didáctica] cas vangardas

SÁBADO 4 OUTUBRO

ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

Tras o aperitivo cunha das obras emblemáticas do minimalismo do norteamericano Terry Riley, interpretada polo versátil conxunto do taller de música contemporánea que dirixe Pablo Coello (un dos artistas máis creativos no ámbito da música actual en Galicia) no Conservatorio Superior da Coruña, a acción trasládase durante a tarde ao Centro Galego de Arte Contemporánea para unha nova intervención dos compoñentes do Ensemble IXOR e unha viaxe ao tradicional e innovador afastado Oriente conducidos polo piano de Elisa Vázquez Doval. A xornada terá a súa culminación na fermosa praza das Pratarías compostelá cunha singular, intensa, variada e escenográfica proposta na que participan unha representativa parte dunha activa e decidida xeración de músicos e agrupacións que desde Galicia miman a difusión da música actual.

13.00 **Praza das Pratarías / Museo da Cidade**
Piano X-perience
ENSEMBLE IXOR *piano a 8 mans*
Terry Riley (1935): In C (1964)

18.30 **CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea**
Right In (Skrillex)
Vessel (Jon Hopkins)
Circle pit (Venetian Snares)
Airborne (Jaga Jazzist)
Cliffs (Aphex Twin)

20.00 **CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea**
Asia contemporánea,
China_Xapón_Corea
ELISA VÁZQUEZ DOVAL *piano*
Chou Wen-Chung, Joji Yuasa,
Younghi Pagh-Paan, Toru
Takemitsu, Jo Kondo, Maki Ishii

inauguración

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
SERGEI YEROKHIN *piano*
JONATHAN WEBB *director*

AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 3 OUTUBRO 21.00

A orquestra compostelá Real Filharmonía de Galicia é a encargada de inaugurar as xornadas coa estrea dunha nova obra do novo compositor italiano Mauro Montalbetti. A orquestra, que nos dous contrastados programas para estas xornadas alterna obras de grandes clásicos e salientables figuras do século XX, estará dirixida neste concerto inaugural polo londiniense Jonathan Webb para interpretar o derradeiro concerto para piano de Beethoven, coñecido popularmente como o Emperador, e a primeira sinfonía do compositor neiorquino, 2 veces Premio Pulitzer de música, Elliott Carter.

Mauro Montalbetti (1967)
Cantos de los granos de arena* (2014)
Ludwig van Beethoven (1770-1827)
Concerto para piano núm. 5
en Mi bemol maior, op. 73 "Emperador" (1811)
Elliott Carter (1908-2012)
Sinfonía núm. 1 (1942)

*estrea absoluta, obra encargo da RFG

10 €



WindBox

LYTOS *beatbox*
ZOAR ELECTRIC *quinteto de vento*

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DOMINGO 5 OUTUBRO 20.00

Do vento que "zoa" con forza nos instrumentos clásicos como a frauta, o corno inglés, o clarinete baixo, a trompa e o fagot, e do vento que rompe e corta no micrófono de Lytos, vai nacer un sopro conxunto, contundente. Sentiremos suaves brisas que emerxen da música de Jon Hopkins, a fría ventisca do *drum and bass* de Venetian Snares ou o ciclón dos beats de Skrillex... A versión electrónica do quinteto coruñés Zoar Ensemble explorará ademais as correntes en forma coral de Squarepusher, o choque de refachos na música de Meredith Monk ou os remuíños de Jaga Jazzist. *WindBox* achéganos aos principais creadores de electrónica na actualidade.

Could out there (Jon Hopkins)
Right In (Skrillex)
Vessel (Jon Hopkins)
Circle pit (Venetian Snares)
Airborne (Jaga Jazzist)
Cliffs (Aphex Twin)
LizCO3 (Venetian Snares)

ZOAR ELECTRIC *quinteto de vento*
Joan Ibáñez *frauta*
David Villa *corno inglés*
Antonio Suárez *clarinete baixo*
Benjamín Iglesias *trompa*
Álex Salgueiro *fagot*

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Codex Calixtinus

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ *director*

AUDITORIO DE GALICIA
XOVES 9 OUTUBRO 21.00

Diego García Rodríguez, novo e emprendedor director galego que ten feito da música contemporánea un dos sólidos piares da súa prometedora carreira, estará á fronte da Sinfónica de Galicia nun variado programa no que Galicia e Polonia comparten protagonismo. O programa da orquestra coruñesa inclúe a recuperación dunha composición do brigantino Carlos López García-Picos, a primeira interpretación en Galicia dunha nova obra de Tomás Marco inspirada no *Códice Calixtino* e cadansúa obra dos grandes nomes polacos da composición do século XX, Penderecki e Lutoslawski.

Tomás Marco (1942)
Codex Calixtinus (Cantus Iacobi) * (2013)
Krzysztof Penderecki (1933)
Anaklasis (1960)

Carlos López García-Picos (1922-2009)
Sindy (1979)
Witold Lutoslawski (1913-1994)
Sinfonía núm. 4 (1988-92)

*segunda audición, estrea en Galicia, obra encargo da Orquesta Nacional de España

10 €



Festas do erro

visións, improvisacións sobre Francesco d'Assisi

pablo_seoane_trem*

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DOMINGO 12 OUTUBRO 20.00

Espectáculo musical onde corda e madeira –un violín, un piano e un contraabaixo– exploran, ao fio da vida ou as vidas desta figura proverbialmente anómala, os seus timbres máis desusados nunha trama de improvisacións baseada en nove composicións orixinais de Pablo Seoane. Nunha excursión polas imaxes e os ecos dun viaxeiro entre o son e o sentido, entre o humano e a marca incerta do seu límite, Francesco d'Assisi inspira o primeiro traballo e presentación do novo proxecto do pianista, compositor e músico de jazz ferrolán Pablo Seoane.

Pablo Seoane (1968)
cobra coral
pombal 15
sobre gubbio
lavandeira a pé
festas do erro
quetzalcoátl
flora e paga
madonna das harpias
hermano lobo

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Freude_Stockhausen:
"alegría" para dúas arpas

FRÉDÉRIQUE CAMBRELING *arpa/voz*
BLEUENN LE FRIEC *arpa/voz*
ÁNGEL FARALDO *dispositivo electro-acústico*

IGREXA DA UNIVERSIDADE
MARTES 14 OUTUBRO 20.30

As arpistas Frédérique Cambreling e Bleuenn Le Fric protagonizan a estrea en España de *Freude*, unha obra concibida por un dos grandes mestres da vangarda musical da segunda metade do século XX como segunda hora dun ciclo inconcluso (Stockhausen traballou en *Klang* durante os últimos 3 anos da súa vida) que tiña que ter conñado de 24 composicións de cámara, 24 momentos musicais... tantos como horas do día. Baseándose no famoso texto relixioso *Veni Creator Spiritus*, Stockhausen amplía as posibilidades sonoras e expresivas da arpa apoiado polo dispositivo electro-acústico e as voces das intérpretes.

César Franck (1822-1890)
Prélude, fugue et variation, op. 18 (1860-62),
transcrición para dúas arpas de Fabrice Pierre
Karlheinz Stockhausen (1928-2007)
*Freude, op. 82** (Alegría) (2005)
segunda hora do ciclo
Klang, Die 24 Studien des Tages (Son, as 24 horas do día)
para dúas arpas e dispositivo electrónico

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Cantigas e outras fontes de inspiración

CUARTETO VOGLER
ZANDRA McMASTER *mezzosoprano*
MICHAEL McHALE *piano*

PARANINFO DA UNIVERSIDADE
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
XOVES 16 OUTUBRO 20.30

Experiencia e categoría atesouran as agrupacións de cámara presentes nas Xornadas de Música Contemporánea. O Cuarteto Vogler, con 30 anos de sólida traxectoria, preséntase por primeira vez en Galicia cun variado programa que alterna autores españois e internacionais. Os americanos Barber e Ives, os italianos Puccini e Respighi e os franceses Chausson e Debussy son compañeiros de viaxe de Antón García Abril nun concerto no que a mezzosoprano irlandesa Zandra McMaster acompaña ao cuarteto berlinés na estrea de tres cantigas deste prolífico compositor aragonés tan vinculado a Compostela.

Samuel Barber (1919-1981)
Dover Beach op. 3 (1931)

Charles Ives (1874-1954)
Hallowe'en S 71 (1906)

Antón García Abril (1933)
Tres cantigas* (2014)

Giacomo Puccini (1858-1924)
Crisantemi (1890)

Ottorino Respighi (1879-1936)
Il Tramonto, P 101 (1914)

Ernest Chausson (1855-1899) / **Antón García Abril** (1933)
Le temps des lilas* (1882/90)

Claude Debussy (1862-1918)
La soirée dans Grenade, de *Estampes* para piano (1903)
Jardins sous la pluie, de *Estampes* para piano (1903)

Antón García Abril (1933)
Canciones del jardín secreto** (2001)

CUARTETO VOGLER

Tim Vogler *violín*
Frank Reinecke *violín*
Stefan Fehlandt *viola*
Stephan Forck *violoncello*

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

ENTRADAS

Teatro Principal (19 e 28 outubro)
CGAC (5, 12 e 26 outubro)
Paraninfo da Universidade (16, 18 e 21 outubro)
Igrexa da Universidade (14 outubro)
Sala Capitol (1 nov.)
gratuito previa retirada da entrada
no despacho de billetes do Teatro Principal

Auditorio de Galicia (3, 9 e 30 de outubro): 10 euros
entradas.abanca.com / 902 434 443

"Unha xornada contemporánea."
(4 de outubro, CGAC e Praza das Pratarías):
acceso libre ata completar o aforo

AdesTempo

programación didáctica, infantil, xuvenil e familiar:

- > 11 outubro (CGAC), 12 out. (Cidade da Cultura) e 26 out. (CGAC):
gratuito previa retirada da entrada no despacho de billetes do Teatro Principal
- > 18 e 19 outubro (CGAC):
gratuito previa inscrición no email
cgac.actividades@xunta.es para os nenos
participantes activos na CactusWorkestra
(entrada libre ata completar aforo
para o resto do público)

HORARIO DE DESPACHO DE BILLETES

entradas gratuitas disponibles
a partir do 12 de setembro

Teatro Principal:

de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado.

CGAC:

entradas gratuitas para os concertos do CGAC
(5, 11, 12 e 26 de outubro) en horario de 11.00 a 20.00 h.

Cidade da Cultura (Punto On):

entradas gratuitas para o concerto familiar do Zoar Ensemble
(12 de outubro, Cidade da Cultura) en horario de 10.00 a 14.00 h. e de 16.00 a 20.00 h.

Paraninfo da Universidade /

Igrexa da Universidade / Sala Capitol:
o día do concerto dende 1 hora antes do inicio.

Auditorio de Galicia:

os días de concerto a partir das 18.00 h.

XORNADAS DE
MUSICA
CONTEM
PORA
NEA 2014

■ SANTIAGO DE COMPOSTELA
OUTUBRO 14





Tendencias XXI: Austria_España

WIENER KLAVIERTRIO

PARANINFO DA UNIVERSIDADE
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
SÁBADO 18 OUTUBRO 20.30

Máis de 20 anos de intensa actividade con actuacións nos máis prestixiosos escenarios de todo o mundo avalan a consolidada reputación do Wiener Klaviertrio que nestas xornadas se presenta por primeira vez en Galicia. O seu variado programa, centrado principalmente na creación musical da primeira década deste século XXI, combina compositores españois e do país de orixe do trío, Austria, nun concerto que culminan coa *Sonata de cámara* escrita en 1948 polo recordado gran mestre alemán Hans Werner Henze.

Reinhard Fuchs (1974)
Tox* (2012/13)
Jesús Torres (1965)
Trío (2001)

Johannes Maria Staud (1974)
10 miniatures* (2007/10)

Mauricio Sotelo (1961)
Venta Varga (2007)

Michael Maria Gredler (1984)
Funk* (2011)

Hans Werner Henze (1926-2012)
Kammersonate (1948)

WIENER KLAVIERTRIO
Bogdan Božović violín
Matthias Gredler violoncello
Stefan Mendl piano

*estrea en España

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Wind Band

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO JUAN MIGUEL ROMERO director

TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 19 OUTUBRO 12.30

Moitos son os compositores actuais que dirixen a súa atención cara as bandas de música ou, coa denominación que se está estendendo, *wind band*. Cada vez é máis frecuente atopar programas de concerto de bandas cuxos compositores están en activo, vivos ou de plena actualidade compositiva. Neste programa, a Banda Municipal de Música de Santiago ofrece unha selección de compositores dos séculos XX e XXI; o máis coñecido Paul Hindemith, quen coa súa *Sinfonía en Si bemol* para banda de música, colocou en 1950 unha pedra angular e un cambio de rumbo para estas orquestras de ventos.

Juan Alborch (1973)
Obertura Inversemblant* (2014)

Johan de Meij (1953)
La Quintessenza (1998)

Hidas Frigyes (1928-2007)
Suite for Wind Band (1981)

Paul Hindemith (1895-1963)
March, de Metamorfosis Sinfónica sobre temas de Carl Maria von Weber (1940)

Dmitri Kabalevski (1904-1987)
Les Comedians op 26 (1938-40)

Alberto Ginastera (1916-1983)
Malambo (1942)

*estrea absoluta

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



sonata_violín_piano

LETICIA MORENO violín BERTRAND CHAMAYOU piano

PARANINFO DA UNIVERSIDADE
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
MARTES 21 OUTUBRO 20.30

Sobresáinte variedade estilística encerra o ambicioso programa con tres sonatas para violín e piano que propoñen dúas talentosas figuras emerxentes do panorama musical actual, a madrileña Leticia Moreno e o francés Bertrand Chamayou. O ilerdense Enrique Granados abre un concerto no que se poderán escoitar sonatas de xenios tan significativos como Richard Strauss ou o polaco Krzysztof Penderecki e unha nova estrea do novo compositor malagueño Oliver Rappoport.

Enrique Granados (1867-1916)
Sonata para violín e piano, H. 127 (ca. 1912)

Krzysztof Penderecki (1933)
Sonata para violín e piano núm. 2 (1999)

Oliver Rappoport (1980)
nova obra para violín e piano (2014)*

Richard Strauss (1864-1949)
Sonata para violín e piano en Mi bemol maior, op. 18 (1887-88)

*estrea absoluta, encargo del CNDM

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Ama AZa LaNdo, paisaxes sonoras*

ALEJANDRO VARGAS piano/frauta/percusión/voz

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DOMINGO 26 OUTUBRO 20.00

O pianista cubano afincado en Galicia Alejandro Vargas estrea a súa última creación. Ama AZa LaNdo é un fulgor de figuracións representativas de paisaxes sonoras onde se recrean ambientes do minimalismo, o orientalismo, a improvisación libre e o jazz. É un traballo de alumeamentos sonoros onde a participación instrumental adquire un valor orquestral a través de distintas posturas, étnicas, folclóricas, populares, conceptuais, políticas... é unha reflexión da técnica pianística na amplificación de rexistros posibles cara á fantasía libre comprometida.

Alejandro Vargas (1980)
MaLaZa
JOCOSIDAdes
CaNiOs ALeGóricOs
áMe
COInCidenCias
AMefriKa
NOdaa
BLUe
MANsorO
AGUaceROs
OdO

*estrea absoluta, presentación do seu novo disco Ama AZa LaNdo

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Visións do Greco

VERTIXE SONORA ENSEMBLE BALDUR BRÖNNIMANN director FERNANDO REYES tiorba

TEATRO PRINCIPAL
MARTES 28 OUTUBRO 20.30

As conexións entre os mundos musical e pictórico faranse visibles e audibles en *Visións do Greco* a través de novas obras de catro novos compositores españois que ofrecerán a súa persoal mirada á obra e á persoa de Doménikos Theotokópoulos cando se cumpre o cuarto centenario da súa morte. O contraste a esta nova proposta do versátil e innovador conxunto galego Vertixe Sonora Ensemble xurdirá da tiorba de Fernando Reyes, que nos trasladará á época do Greco a través da música do seu contemporáneo Giovanni G. Kapsberger, mestre alemán (e veneciano) a quen ben podemos mirar, en paralelo, baixo a mesma perspectiva.

Daniel Figols (Barcelona, 1980)
Lula Romero (Palma de Mallorca, 1976)
Ramón Souto (Vigo, 1976)
Germán Alonso (Madrid, 1984)
4 novas obras para ensemble e electrónica* (2014)
Giovanni Girolamo Kapsberger (c. 1580-1651)
Libro primo d'intavolatura di chitarrone (Venecia, 1604) sel

*estrea absoluta encargo do CNDM e das Xornadas de Música Contemporánea de Santiago

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Alessandra Rombolá frauta
Pablo Coello saxofón
Alejandro Vázquez trompeta
Benjamin Iglesias trompa
Iago Ríos trombón
Celia Adrián acordeón
Marta Souto violín
Thomas Piet violoncello
Carlos Méndez contrabaixo
Rubén Barros guitarra eléctrica
David Durán piano
Diego Ventoso percusión
Xoán Xil electrónica
e difusión do son
Ramón Souto director artístico
Pablo Coello director musical

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

CHARLA INTRODUCTORIA / ATENEU DE SANTIAGO
VISIONS DO GRECO

Juan Manuel Monterroso / Ramón Souto / Daniel Figols
Germán Alonso / Lula Romero / Baldur Brönnimann

Centro Cultural Afundación (rúa do Vilar, 19)
LUNS 27 OUTUBRO 20.00 acceso libre ata completar aforo

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



De Brandeburgo a Viena

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA CHRISTOPH KÖNIG director

AUDITORIO DE GALICIA
XOVES 30 OUTUBRO 21.00

Por partida dobre, a Real Filharmonía de Galicia é unha das grandes protagonistas das xornadas, con cadanseu programa nos que alterna obras de grandes clásicos e sinaladas figuras do século XX. Para o segundo concerto da orquestra compostelá, o seu principal director invitado, o alemán Christoph König, seleccionou o terceiro dos concertos de Brandeburgo de Bach, unha das sinfonías londinienses de Haydn, a segunda das sinfonías de cámara do mestre do dodecafonismo e líder da Segunda Escola Vienesa Arnold Schoenberg e unha apertura de recente composición do catalán Benet Casablancas.

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Concerto de Brandeburgo núm. 2 en Sol maior, BWV 1048 (1721)

Arnold Schoenberg (1874-1951)
Sinfonía de cámara núm. 2 en mi bemol menor, op. 38 (1940)

Benet Casablancas (1956)
Obertura festiva (2013)

Franz Joseph Haydn (1732-1809)
Sinfonía núm. 99 en Mi bemol maior, Hob.I: 99 (1793)

10 €



Cabaret contemporáneo

TAC TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO INGRIDA GÁPOVÁ soprano DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ director

SALA CAPITOL
SÁBADO 1 NOVEMBRO 22.00 (apertura portas 21.30)

O Taller Atlántico Contemporáneo inspira o seu concerto na atmosfera do cabaré de principios do século XX, no que música e acción escénica se unen co ambiente dun local de época. A obras de clásicos modernos que se sentiron fascinados polas posibilidades expresivas deste xénero, como Schoenberg e Britten, únense dúas obras de carácter "performático" do compositor norteamericano Tom Johnson, a misteriosa composición *Dolce tormento* na que Kaija Saariaho se inspira nun texto da *Divina Comedia* de Dante...

Arnold Schoenberg (1874-1951)
Nachtwandler (de Brett-Lieder) (1901)
Kaija Saariaho (1952)
Dolce tormento (2004)


Frederic Rzewski (1938)
Les Moutons de Panurge (1968)

Tom Johnson (1939)
Scene for piano and tape (1969)
Narayana's Cows (1989)
Benjamin Britten (1913-1976)
Cabaret Songs* (1937)

*estrea en España da versión para grupo instrumental

TAC Taller Atlántico Contemporáneo
Nicasio Gradaille piano
Luis Soto frauta
Ramón Llätser trompeta
José Vicente Faus percusión
Alfonso Morán contrabaixo
Saúl Canosa clarinete
James Dahlgren violín
Ingrida Gápoová soprano

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



George's Odyssey* unha introducción á música de vangarda creación videográfica de Ana de Alvear música composta por Antoine Beuger, Eduardo Polonio, Ernstalbrecht Stiebler, Jo Kondo, Jorge Fernández Guerra, Klaus Lang, Linda Catlin Smith, María de Alvear, Miguel Ángel Tolosa, Tom Johnson e Walter Zimmermann

TRÍO ARBÓS

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
SÁBADO 11 OUTUBRO 18.30

Coa *Odisea de Xurxo*, a artista Ana de Alvear creou unha proposta interdisciplinar e educativa cuxo obxectivo é o de introducir a nenos e adultos na creación contemporánea, axudándolles a descubrir a capacidade que ten a música para xerar diferentes escenarios, sensacións e emocións. O Trío Arbós será o vehículo que conduza a Xurxo a través dos once episodios con música creada especificamente para a ocasión por once compositores, completando un periplo de singulares características...

*estrea absoluta, proxecto encarga do CNDM

Portrait_György Ligeti unha aproximación [pedagóxica] á música contemporánea

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DOMINGO 12 OUTUBRO 12.30

CIDADE DA CULTURA
DOMINGO 12 OUTUBRO 12.30

A música do compositor húngaro György Ligeti, de aparente complexidade, baséase en piares moi sinxelos e familiares tanto para amantes da música como para descoñecedores. Algo tan primitivo como o ritmo, a repetición, a música popular ou unhas matemáticas moi sinxelas aparecen na súa música. Ademais coñeceremos como Ligeti descubriu e xogou coa música electrónica para crear paisaxes case extraterrestres! Con todos estes conceptos xogaremos neste concerto en familia no que seguro o pasarás ben.

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

CactusWorkestra instalación sonora

JOÃO RICARDO DE BARROS OLIVEIRA

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
SÁBADO 18 OUTUBRO 12.30/17.30/19.00
DOMINGO 19 OUTUBRO 12.30/17.30

CactusWorkestra é unha creación plástico-sonora. Oir partindo dunha instrumentación de 20 cactus preparados e sonorizados (*out of tune*), en diversas conselacións, e con 20 participantes (nen@s ou moz@s). CactusWorkestra é unha experiencia baseada na *performance* e na acción directa: cada participante busca a mellor unión sonora e visual e axusta novos tons e sons. João Ricardo de Barros Oliveira motiva ao público para desenvolver a sensibilidade sonora e valorar o espazo envolvente e intenta despertar a curiosidade sobre sons perdidos que non se espera encontrar.

PARTICIPANTES ACTIVOS: INSCRIPCIÓN PREVIA* / PÚBLICO XERAL: ENTRADA LIBRE
*cgac.actividades@xunta.es

Experimenta coa música

ORQUESTRA DO ESPAZO DE CAMARA DA UNIVERSIDADE MARIO DIZ director

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DOMINGO 26 OUTUBRO 12.30

A través de diferentes técnicas experimentais trátanse diversos obxectivos para poder achegar a música aos máis pequenos. Partindo do tratamento da música contemporánea experimental, os nenos non só coñecerán a música contemporánea de primeira man, senón tamén o funcionamento dunha orquestra e os instrumentos que a compoñen. O material musical constará, por unha parte, de obras xa preparadas previamente nas que o público participará de forma activa na súa interpretación. Por outra parte, a base de musicogramas (técnica compositiva con debuxos) elaboraranse unhas pezas curtas totalmente compostas *in situ*... Nenos e nenas serán os principais compositores... experimentando coa música.

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2014

SANTIAGO DE COMPOSTELA
OUTUBRO'14